

Texto: **GIANNI RODARI**
Ilustracións: **SILVIA BONANNI**
Tradución: **XOSÉ BALLESTEROS**


Encadernado en cartón. 22x30 cm.
32 páxinas en color. Dispoñible en:

- Galego: "Que fai falta?"
Tras os montes. ISBN 978-84-8464-753-9
- Castelán: "¿Qué hace falta?"
Libros para Soñar. ISBN 978-84-92608-33-1
- Portugués: "Que é preciso?"
Livros para Sonhar. ISBN 978-989-8205-55-1

Prezo: 15 €

QUE FAI FALTA?

**Para ter unha mesa fai falta madeira,
para ter madeira fai falta a árbore,
para ter a árbore...**



Toda obra de Gianni Rodari é esencial; neste caso, a sinxeleza do texto -un razoamento deductivo ou siloxismo- vistese á perfección cos collages de Silvia Bonanni. O relato segue unha sucesión lóxica e escalonada sobre a orixe dun obxecto cotiá, que culmina no máis fondo e, á vez, fermoso da natureza: para lograr algo moi grande, ás veces basta co mínimo. Un libro que une a elegancia da xeometría, seguindo unha estrutura literaria circular, coa fragancia da poesía e coa orixinalidade da proposta estética.

GIANNI RODARI

(Omegna, Lombardía, 1920 - Roma, 1980)

Malia que a súa vida discorreu allea á música, a súa vocación frustrada, poucas persoas como Rodari souberon destacar en tantas facetas como as que desenvolveu este renovador da literatura infantil e xuvenil. Político, xornalista, pedagogo e escritor, nesta última logrou o Premio Andersen en 1970. Graduouse en Maxisterio e comezou impartindo clases particulares. Polo seu vencello ao Partido Comunista Italiano colaborou con varios xornais; dirixiu L'Ordine Nuovo e trala súa entrada no diario milanés L'Unitá empezou a cultivar a súa paixón pola Literatura Infantil. Dende entón foise forxando o talento de quen chegaría a ser a pedra angular deste xénero literario. É autor de obras como "O planeta das árbores", pero o éxito chegoulle con títulos como "Contos longos como

- **Temática:** causalidade; iniciación ao pensamento racional e científico
- **Público recomendado:** a partir de 6 anos
- **Aspectos destacables:** do autor de "Confundindo historias", "Inventando números" e "Contos por teléfono", editados por KALANDRAKA; collage; tipografía integrada na ilustración
- **Aplicacións:** escrita creativa; conceptos lóxicos; coñecemento do medio

comunicacion@kalandraka.com | www.kalandraka.com

un sorriso", "As aventuras de Cipollino", e "O libro das retahilas". "Contos a máquina", "Contos por teléfono" e "Contos para xogar" son tamén algunhas das súas obras mestras.

SILVIA BONANNI (Milán, 1972)

Ilustradora, pintora e fotógrafa. Licenciada na Academia de Belas Artes de Brera e diplomada en Fotografía na Escola R. Bauer de Milán. Artista versátil, sabe manexar coa mesma mestría tanto o collage tradicional como as máis modernas técnicas dixitais.

